



## A Inspección educativa, partidaria de retirar dos catálogos de persoal dos centros de Infantil e Primaria as especialidades de PT e AL

*Oposición rotunda da CIG-Ensino a calquera recorte na atención á diversidade*

Así llo trasladaron o novo Xefe de Inspección e o Xefe Territorial da Coruña nunha reunión ás directoras e directores dos colexios públicos da cidade da Coruña.

### **“Retirar dos catálogos do corpo de mestres as prazas de PT e AL”**

Esa proposta foi defendida polo máximo responsábel político da Consellaría de Educación na provincia da Coruña e mais polo Inspector Xefe desa provincia nunha reunión con cargos directivos da cidade. Afirmaron que trasladarían á consellaría a proposta de retirar dos catálogos de postos de traballo dos centros de infantil e primaria as prazas de PT e AL e que eran partidarios de incorporar o sistema do “cupo” que actualmente funciona nos centros de secundaria, FP e réxime especial. A intención sería que o profesorado de apoio estivese en función das necesidades e que non parta dun cadro de persoal mínimo.

Para a CIG-Ensino esa proposta é impresentábel e implica ou ben un descoñecemento do acordo de cadros de persoal que a día de hoxe rexe os catálogos e que foi froito dun acordo por unanimidade das organizacións sindicais coa Consellaría no

ano 2007, ou ben un intento de anular ese acordo. Desde o sindicato xa anunciamos a nosa total oposición e a defensa radical non só dos actuais postos de traballo destas especialidade senón da necesidade de amplialos onde for preciso.

### **Oposición rotunda da CIG-Ensino a calquera recorte**

A CIG-Ensino dirixirase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para que confirme ou desminta a existencia dalgún tipo de debate interno ou decisión entre os responsábeis políticos da consellaría a este respecto ou se só estamos diante dunha desafortunada idea de dous responsábeis territoriais.

É obvio que esta proposta sería un paso atrás moi relevante para todos os centros de Infantil e Primaria e que só buscaría a redución de postos de traballo. Chama a atención que esa idea xurda precisamente no inicio do curso escolar, unha época na que os recortes na atención ás necesidades específicas de apoio educativo son máis evidentes.

### **Os cadros de persoal non se tocan**



A día de hoxe non existe ningún problema de rixidez nas prazas de PT e AL. Todo o contrario. No acordo de catálogos recóllese que haberá **un posto de PT a partir de 4 unidades e o de AL a partir de 13 unidades** (contadas EI e EP). **A partir de 18 unidades ten que haber 2 PT e en centros de 30, 2 de AL** (contadas neste caso EI e EP). Tamén ten que haber **AL en escolas de 3 ou máis aulas de Infantil**.

Polo tanto, o acordo buscaba estender esta atención a todos os centros educativos. De feito até aquel ano só os centros de 6 unidades contaban con docente de PT. Mais o acordo é claro cando considera estas prazas como mínimas. Así, no texto pode lerse o seguinte:

**“Naqueles centros ordinarios que integren alumnado con necesidade educativa específica poderanse incrementar os catálogos en función do número e tipo de necesidades, especialmente de PT e AL”.**

**“Asemade, nos centros ordinarios que non conten con PT e AL a Administración educativa adoptará as medidas oportunas para atender as necesidades que se presenten”.**

Polo tanto, os actuais cadros de persoal garanten sempre uns mínimos que se deben respectar e aos que non pensamos renunciar e permiten amplialos sempre que faga falta, como xa se fixo no último concurso de traslados e se fai todos os anos cos destinos provisionais.

Desde a CIG-Ensino sempre tivemos unha especial atención a todo o que ten a ver coa atención á diversidade. Os estudos realizados polo sindicato serviron para acadar un incremento importante de prazas de Orientación, de PT e de AL nos centros de Infantil e Primaria e o sindicato mantén a súa demanda de que estas prazas tamén deben aumentar nos IES. Este é o noso compromiso e a nosa vontade de garantir unha atención adecuada ao alumando con NEAE.



**INFÓRMATE dos dereitos que che corresponden como persoal docente.**  
**AFÍLIATE para a estar ao día de toda a información e para sermos máis fortes á hora de negociar melloras nas túas condicións de traballo.**

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal